



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

exp. 2025/G003/000135

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O POSTO DE PEÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERVACIÓN FORESTAL NO CONCELLO DE TOQUES.

EXPEDIENTE:2025/G003/000135

ANTECEDENTES:

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión en data 02 de maio de 2025, para participar nas probas de selección ao obxecto de cubrir unha praza de PEON DO SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERVACIÓN FORESTAL; a xornada completa como PERSOAL LABORAL TEMPORAL na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, a través do sistema de concurso- oposición para prestar servizos no concello de Toques durante o prazo de 9 meses de conformidade co establecido na subvención concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde de 05 de marzo de 2025 (programa APROL RURAL ano 2025);

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas xunto coa convocatoria en Resolución de Alcaldía nº 115/2025, de data 21 de abril, e en virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 31.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar de forma provisional e elevar a definitiva, no suposto de non existir alegacións ou reclamacións de forma automática, a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

ASPIRANTES ADMITIDOS:

- 1.- JORGE BUJÁN PAZOS con DNI número ---8087--**
- 2.- ANA GARCÍA PARDO con DNI número ---8726--**

ASPIRANTES EXCLUÍDOS: -----

SEGUNDO.- Publicar a lista provisional dos aspirantes admitidos e excluídos no Taboleiro de Edictos da Corporación sito na Casa Consistorial e na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>) e abrir un prazo de dous (2) hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións.



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

exp. 2025/G003/000135

TERCEIRO.- O Tribunal de valoración reunirse o xoves, día 8 de maio de 2024 ás 13:00 horas aos efectos de decidir a proba práctica e proceder á valoración do concurso de méritos.

Os candidatos deberán comparecer o xoves, día 8 de maio de 2025, ás 13:30 horas no Pavillón Polideportivo para a realización da proba da fase de oposición, debidamente provistos co DNI e co carnet de conducir.

A non comparecencia do aspirante determinará a súa automática exclusión do proceso de selección.

CUARTO.- Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno

En Concello de Toques, o asina o Sr. Alcalde ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe;